

OBRA DOIRO

de extensión universitaria

Campus de Ourense

2.º cuadrimestre 2025/2026



Destinados á cidadanía en xeral e universitarios/as

MATRÍCULA
Do 2 ao 11 de febreiro
campusactivo.uvigo.gal




OBRADOIROS

de extensión universitaria

Campus de Ourense

2.º cuatrimestre 2025/2026



MATRÍCULA

Do 2 ao 11 de febreiro

campusactivo.uvigo.gal

Universidade de Vigo

INSCRICIÓNS E MATRÍCULA

A matrícula farase online ata cubrir prazas

campusactivo.uvigo.gal

Prazo: do 2 ao 11 de febreiro de 2026

TAXAS

Público xeral: 41 euros

Colectivos A e B da comunidade universitaria: 26,65 euros

Colectivo C da comunidade universitaria: 32,80 euros

Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 25 horas de traballo.

*** Do 2 ao 6 só para alumnado do primeiro cuatrimestre.**

Nas aulas de teatro é necesario ter capacidade de memorización dos textos e dos movementos que se vaian creando nos ensaios de cara á posta en escea final.

AULA DE TEATRO. NIVEL 1: ROSAURA *

Este obradoiro pretende ser un primeiro achegamento á maneira de facer teatro da Compañía Sarabela. Como punto de partida: as vivencias co corpo e a voz; como ferramentas: a expresión, a técnica, a interacción dos participantes e o seu imaxinario; como método: o xogo e a improvisación. Finalizaremos a formación en Rosaura cunha “aventura teatral”: unha acción nun espazo non convencional.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: A partir do 19 de febreiro, xoves de 19.00 a 22.00 horas. A partir do 5 de marzo, martes e xoves (45 horas)

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: sala Emilia Pardo Bazán do edificio de Ferro

AULA DE TEATRO. NIVEL 2: CORDELIA *

Sobre a montaxe: Acción-Palabra-Espazo Poético.

Entender o escenario como terreo para a construción dun espazo poético no que entran en xogo a dimensión física e a dimensión sonora.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: A partir do 24 de febreiro, martes e xoves de 19.00 a 22.00 horas (60 horas)

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula de teatro do pavillón 1

AULA DE TEATRO. NIVEL 3: MARICASTAÑA

Sobre a obra: estase a librar a nai das batallas. Non é a primeira vez na historia, aínda que algunha das veces pode ser a derradeira. A loita é, a grandes riscos, entre a utopía e distopía.

Dirección: Sarabela teatro

Datas: A partir do 23 de febreiro, luns e mércores de 19.00 a 22.30 horas (105 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: aula de teatro

OBRADOIRO DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA: GAITA E PERCUSIÓN

O programa inclúe noções da música patrimonial e tradicional, técnicas de gaita, tipos de dixitación, estudo do repertorio, afinación, ornamentación, (percusión e combos instrumentais tradicionais).

Estes contidos, están enfocados tanto ao alumnado de iniciación como ao de perfeccionamento.

Dirección: Gonzalo Abelairas

Datas: A partir do 19 de febreiro, xoves de 18.00 a 21.00 horas (30 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: Pavillón das Asociacións

AULA DE DANZA CONTEMPORÁNEA. FORMACIÓN

Dirixido a todas as persoas interesadas no traballo creativo a través do corpo e o movemento. Aportaranse ferramentas de técnicas de danza contemporánea como Release, Flying low, Gaga technique ou Body weather, para explorar expresión, a conciencia corporal, espacial e grupal.

Dirección: Nuria Sotelo

Docentes: Nuria Sotelo e Mikel Aristegui

Datas: A partir do 23 de febreiro, martes 19.30 a 21.00 horas e mércores de 20 a 21.30 horas (30 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: ludoteca do edificio de Ferro

AULA DE DANZA CONTEMPORÁNEA. CREACIÓN ESCÉNICA

Obradoiro de creación escénica e composición coreográfica onde se concebirá a representación de danza da aula de danza contemporánea de Ourense. Abordarase desda una perspectiva colectiva, introducindo a exploración, a improvisación, a creación, e a composición. Dirixido a persoas con experiencia previa en danza.

Dirección: Nuria Sotelo

Docencia: Ainhoa Linaza

Datas: A partir do 19 de febreiro, xoves de 19.15 a 21.15 horas (20 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: ludoteca do edificio de Ferro

INTRODUCCIÓN A 3D CON BLENDER

Desde a industria dos videoxogos ata as principais producións de Hollywood, o dominio das ferramentas e técnicas da arte 3D é unha das habilidades máis demandadas nas industrias creativas. Este curso ofrece unha introdución completa ás prácticas máis importantes para comezar a túa formación neste campo, abrangendo todos os pasos implicados na creación dunha obra de arte en 3D.

Dirección: Alberto Abal Silva

Datas: A partir do 4 de marzo, mércores de 18.00 a 20.00 horas (28 horas)

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula do edificio Politécnico

COSTURA CREATIVA E SOSTÍBEL. NIVEL II

No segundo trimestre do Obradoiro de Costura Creativa de Nivel 2, o alumnado progresa no deseño, a elaboración de patróns e a confección de pezas de roupa. Traballan nunha saia elástica básica, pantalóns con cremalleiras e, se o tempo o permite, nun top con mangas. O enfoque é práctico e personalizado, combinando técnica, creatividade e orientación continua para conseguir pezas únicas e axustadas con acabados profesionais.

Dirección: Estefanía Carrera García

Datas: A partir do 23 de febreiro, luns de 16.00 a 19.00 horas (30 horas)

Número de prazas: 12

Lugar de celebración: seminario S1 do pavillón 1

O PROCESO DE REINSERCIÓN SOCIOLABORAL CON PERSOAS PRIVADAS DE LIBERDADE

O alumnado participante coñecerá a realidade vivencial das persoas privadas de liberdade. Definiranse as dimensións clave do proceso de acompañamento socioeducativo e dos principais retos dos mecanismos d apoio ao colectivo. Analizaranse boas prácticas para a superación das situacións de dificultade persoal das persoas reclusas. Estudaranse as estratexias eficaces no acceso ao emprego así como na planificación do itinerario vital posterior á saída do centro penitenciario.

Dirección: Jesús Deibe Fernández Simo

Datas: A partir do 19 de febreiro, xoves de 16.00 a 20.00 horas (20 horas)

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula 1.3 do edificio de Ferro

EXPOSICIÓN Á PORNOGRAFÍA ONLINE NA ADOLESCENCIA: ANÁLISE, IMPACTO E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA

O obradoiro analiza como a pornografía dixital e as redes sociais inflúen na vida das persoas adolescentes, nas súas relacións, na construción da sexualidade e nos roles de xénero. Abórdanse os riscos asociados ás TIC e ofrécense ferramentas teóricas e prácticas para a prevención, o acompañamento e a intervención con adolescentes, familias e profesionais socioeducativos.

Dirección: Jennifer Rodríguez Gómez

Datas: A partir do 8 de abril, mércores de 18.00 a 20.00 horas (20 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: seminario S4 do pavillón 1

ÉXITO COMERCIAL: CLAVES PARA EMPRENDER E FACER MEDRAR UN NEGOCIO

Obradoiro práctico dirixido a persoas que queren mellorar os resultados dun negocio, xa sexa propio ou alleo. A través dun caso real o alumnado aprenderá a analizar a situación comercial, entender o mercado e ao cliente, definir unha proposta de valor sólida e tomar decisións estratéxicas orientadas ao crecemento e a rendibilidade.

Dirección: Federico Martín Miretti Oderiz

Datas: A partir do 21 de febreiro, martes de 16.00 a 20.00 horas e sábados de 9.00 a 14.00 horas (25 horas)

Número de prazas: 30

Lugar de celebración: seminario 06 e 04 da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

DANZAS DO MUNDO E INTERCULTURALIDADE

Obradoiro cun repertorio variado de danzas que inclúe danzas infantís, xuvenís, históricas e populares dos cinco continentes onde se traballa a conciencia corporal, a hixiene postural, o ritmo, a musicalidade, a coordinación, a propiocepción e as calidades do movemento e a conciencia espacial.

Dirección: Ana María Torrado Agrasar

Datas: A partir do 19 de febreiro, xoves de 17.00 a 19.00 horas (30 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: ludoteca do edificio de Ferro

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA CREATIVA

Vivimos inmersos nun universo visual que non só reflicte a realidade, senón que tamén a reconstrúe, a cuestiona e a redefine. As imaxes convertéronse en indispensables na nosa sociedade actual e este obradoiro ofrece un programa que combina aspectos técnicos e artísticos, co obxectivo de desenvolver proxectos fotográficos creativos e innovadores que comuniquen de forma eficaz e eficiente.

Necesario levar cámara dixital.

Dirección: Santiago Barreiros Camba

Datas: A partir do 23 de febreiro, luns e mércores de 19.00 a 21.00 horas (30 horas)

Número de prazas: 10

Lugar de celebración: seminario S1 do pavillón 1

INTRODUCCIÓN Á OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA

Obradoiro no cal se describen os principais obxectos de observación astronómica: lúas, planetas, estrelas e galaxias..., e as técnicas de observación máis habituais. O obradoiro poderá trasladarse ao xoves seguinte se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan. Haberá descanso ás 22 h.

Dirección: José Ramón Salgueiro Piñeiro

Datas: A partir do 24 de marzo, martes de 20.00 a 1.00 horas (30 horas)

Número de prazas: 15

Lugar de celebración: aula B4 do edificio Politécnico